



Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

Memoria balance 2025



XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo  2027

ORGANIGRAMA

- ✓ Secretaría Xeral Técnica
- ✓ Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo
- ✓ Dirección Xeral de Urbanismo

COMPETENCIAS



- ✓ Vivenda
- ✓ Ordenación do territorio e urbanismo
- ✓ Infraestruturas e seguridade viaria

ENTIDADES ADSCRITAS

- ✓ INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO – IGVS
- ✓ SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA S.A. – VIPUGAL
- ✓ AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS – AXI
- ✓ XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA – XEG
- ✓ AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA – APLU
- ✓ SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A. (SPI GALICIA, SA)

OBXECTIVOS BÁSICOS NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

- ✓ Desenvolver e promover a política en materia de vivenda, rehabilitación, rexeneración urbana, habitabilidade, urbanismo e planificación territorial dentro da Comunidade Autónoma de Galicia en colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia.
- ✓ Materializar e por en práctica da política territorial e de utilización racional do solo coa finalidade de favorecer o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio; contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación e protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.
- ✓ Impulsar a política da Xunta de Galicia en materia de vivenda, rehabilitación, rexeneración urbana, habitabilidade, urbanismo e planificación territorial, realizando informes, estudos e outros traballos técnicos, coordinando as actuacións en materia de planificación e propoñendo e impulsando as melloras respecto das ditas actuacións, así como a colaboración e coordinación con outras entidades públicas e privadas para o desenvolvemento de plans e accións, análises, informes e investigacións referidas ás materias da súa competencia.
- ✓ Impulsar a cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión, planificación do territorio e promoción da vivenda
- ✓ A fixación dun prezo xusto nos procedementos de expropiación forzosa nos que non exista acordo entre a Administración expropiante e a parte expropiada sempre que a Administración expropiante sexa a Administración da Xunta de Galicia ou ben as Corporacións Locais do seu ámbito territorial (Deputacións Provinciais e Concellos)..
- ✓ Garantir os servizos da consellería e procurar a súa mellora continua.

RECURSOS HUMANOS: 168

ORZAMENTO XESTIONADO: 21.031.412,14 €

DATOS XERAIS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA DA CONSELLERÍA



CONTRATOS

Núm. de contratos: **36**

Importe total das adxudicacións:
39.826.694,87 €



CONVENIOS

Núm. de convenios **32**

Importe conveniado:
16.589.210,32 €*

*(achegas da CVPI)



INFORMES XUNTA CONSULTIVA EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

Número de informes: **63**

AUTORIZACIÓNS EN MATERIA DE URBANISMO

Autorizacións en solo rústico: **12**

RECLAMACIÓNS RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

Reclamacións Resoltas: **141**

ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA

Resoltas: **33**

RESOLUCIÓN DE RECURSOS ADMINISTRATIVOS

Resolucións de recursos: **185**

IMPACTOS CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA



- Construción da praza Isaac Díaz Pardo, Oroso.
- Humanización da rúa Forcarei e a rúa dos Mollaos, O Pino.
- Ensanche e mellora da rúa Curros Enríquez en Feira do Monte, Cospeito.
- Humanización e mellora da accesibilidade no núcleo rural de Moreiras, fase II, Toén.
- Mellora de espazos públicos en Muíños.
- Adxudicación e inicio da obra de construción do novo centro de educación infantil e primaria no Milladoiro (Concello de Ames).
- Adxudicación da obra de construción dun novo Instituto de Educación Secundaria e Bacharelato en Navia (Concello de Vigo).


4.4.1 Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo empresarial.

Elaboración, coordinación, seguimento e control das políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación Diversificar as actividades turísticas nas zonas rurais. Favorecer o crecemento do agroturismo, o ecoturismo e o turismo cultural e histórico Apoiar o desenvolvemento da economía prateada nas zonas rurais. Promover o desenvolvemento de incubadoras de economía social en áreas rurais Facilitar a implantación da conectividade de banda ancha. Construír unha plataforma de software intelixente para mellorar a xestión dos servizos públicos rurais Avaliar a situación financeira da rede escolar fronte a medidas de custos ineludibles de pequenez e afastamento. Programación e impulso da tramitación telemática dos instrumentos de planificación e proxectos en materia de ordenación do territorio e urbanismo Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais Sistema de seguimento das DOT e dos restantes instrumentos de ordenación do territorio. Planificar novos desenvolvementos de solo empresarial e facilitar o acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica.


Plans xerais de ordenación municipal aprobados en
2025

- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de ámbitos en suspenso do PXOM de Foz (Lugo).
- Plan Básico Municipal do Concello de Alfoz (Lugo).
- Dúas actualización do Plan Básico Autonómico.

DATOS DA ACTIVIDADE DE URBANISMO



ACTUACIÓN DE CONTROL E INSPECCIÓN



Expedientes de Proxectos Industriais Estratéxicos (Decreto Legislativo 1/2015, do 12 de febreiro) informados polo Pleno da Xunta Consultiva

- Proxecto Industrial Extratéxico (PIE 07) "Stolt Sea Farm"
 - Proxecto Industrial Extratéxico de Investigación de iniciativa Pública: Edificio Datacenter do CESGA, Centro de Protonterapia de Galicia.
 - Proxecto Industrial Extratéxico Centro de Procesamento de Datos: "Data Center".
 - Proxecto Industrial Extratéxico para a Planta de Conversión de madeira en carbón vexetal.
-

EXPEDIENTES DE FIXACIÓN DE PREZO XUNTO TRAMITADOS POLO XURADO
DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA